Firmado por: ***262*** - MARIA LUISA VILA FERNANDEZ (FECHA: 2026-09-10 08:58:37.00) , ***220*** - PEDRO FERNANDEZ AGUSTI (FECHA: 2026-09-09 17:26:25.00) , ***460*** - TAMARA GRAÑA LAMAZARES (FECHA: 2026-09-09 14:23:32.00)
CVD: hx5ztRHiHbM+VrDaeb8
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE MODIFICACIÓNS DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2027

Polo Servizo de Facenda Local tramítanse os expedientes para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, polo que, antes da súa remisión ao órgano competente para a súa aprobación interésase deste Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo, o preceptivo ditame a que se refire o artigo 137.1 apartado b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local.

Este Tribunal Económico-Administrativo, ao abeiro do establecido no artigo 4º.b) do seu Regulamento Orgánico, ten atribuída, entre outras funcións, a de emitir un ditame dos proxectos de modificación das Ordenanzas fiscais.

En cumprimento da normativa anteriormente mencionada, e á vista dos citados expedientes, no que constan as modificacións que se propoñen, reúnese o Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo, integrado pola súa Presidenta, Tamara Graña Lamazares, a Secretaria, María Luisa Vila Fernández, e mailo vogal, Pedro Fernández Agustí, acordando por unanimidade dos membros presentes a aprobación do seguinte:

D I T A M E

I. ANTECEDENTES

Con data 08 de setembro de 2026 remitíronse a este Tribunal Económico-Administrativo os expedientes coa documentación correspondente á modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, ao obxecto da emisión do ditame preceptivo.

Dende o punto de vista formal cabe salientar que os expedientes de modificacións de cada Ordenanza Fiscal inclúen os informes dos diferentes servizos afectados ou interesados na aplicación da Ordenanza modificada, un informe xeral da xefa de servizo de Facenda Local que recolle todas as modificacións propostas co conforme da Asesoría Xurídica, así como os proxectos de modificación de cada Ordenanza asinados pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de Lugo.

Para a iniciación destes expedientes consta Decreto número 7191/2026 do 28 de agosto de 2026 asinado pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de

Lugo, que insta a incoación de expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

II. CONTIDO

Con carácter previo, debe sinalarse que este ditame limítase unicamente á valoración dos aspectos estritamente xurídicos das propostas de modificación das Ordenanzas fiscais que se nos presentan, polo que quedan fóra da nosa análise tanto as cuestións de política fiscal que estas puidesen suscitar como as de carácter procedimental, en canto aos trámites de aprobación dos ditos proxectos normativos.

As modificacións previstas nas Ordenanzas fiscais presentadas comprenden **modificacións técnicas** que fan referencia a cambios na redacción, adaptacións á nova normativa ou reestruturación de apartados do articulado que optimizan a xestión dos servizos municipais que regula a ordenanza en cuestión e que, polo xeral, non teñen impacto económico directo.

1. No proxecto de modificación da **Ordenanza fiscal xeral** recóllese a modificación proposta pola Tesoureira Municipal da redacción do apartado 8 do artigo 24º, onde se regula a responsabilidade solidaria e subsidiaria establecendo as cantidades por debaixo das cales, por motivos de eficacia, eficiencia e proporcionalidade, non se procede a derivar a acción de cobro.

Inclúese no texto da Ordenanza Fiscal Xeral a interpretación do límite nos supostos de expedientes de derivación de sancións de tráfico, que computará con respecto á débeda total que resulte aplicable ó vehículo cuxo responsable é o propietario, non o importe total do expediente executivo aberto ao infractor, dado que poden existir sancións de tráfico cometidas por vehículos conducidos polo mesmo infractor pero pertencentes a distintos propietarios.

A proposta municipal resulta axustada a dereito, polo que se conclúe informar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral vixente.

2. No proxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras** recóllese a modificación proposta pola xefa do Servizo de Facenda Local, na que se suprime o apartado 10 do artigo 4ºbis, no que se establece unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa non afectando ás posteriores modificacións ou reformas que se realicen.

O período de aplicación da bonificación estivo vixente ata o 22 de xuño de 2026, data de finalización do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde da Milagrosa.

A modificación proposta axústase ao disposto no TRLRFL, así como ás restantes disposicións legais de aplicación, en canto ao sistema de bonificacións e exencións de números clausus que nela se establecen, na medida en que son os Concellos quen mediante as ordenanzas fiscais poderán regular a aplicación deses beneficios fiscais no exercicio da súa autonomía financeira.

A proposta municipal resulta axustada a dereito, polo que se conclúe informar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 202 vixente.

3. No proxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do Imposto sobre bens inmobles** recóllense as modificacións propostas pola xefa do Servizo de Facenda Local, na que se suprime o apartado 2 do artigo 4º, no que se establece a exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública que a continuación se relacionan:

-RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS (ref. catastral 8255801PH1685S)
- CENTRO CURROS ENRÍQUEZ (ref. catastral 7044027PH1674S)
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (ref. catastral 27900A44200013)
- CENTRO RÚA FONTELO (ref. catastral 7148302PH1674N)
- CENTRO FONTIÑAS (ref. catastral 8228511PH1682N)
- INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 8427021PH1682N0001FQ.

O período de aplicación da exención estivo vixente ata o 22 de xuño de 2026, data de finalización do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde da Milagrosa.

Así mesmo, modifícase o punto 1 do artigo 5º, para clarificar a documentación que deben achegar os interesados solicitantes da bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 5.4, no que se regula unha bonificación na cota íntegra do imposto daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, para establecer que poidan gozar desta bonificación ámbolosdous proxenitores de ser suxeitos pasivos do imposto e constar

empadroados todos os fillos/as incluídos no título de familia numerosa no domicilio habitual de calquera dos dous proxenitores.

Modifícase o parágrafo segundo do artigo 5.6, no que se regula unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, para establecer os efectos desta bonificación dende o período seguinte a aquel no que se efectúe a súa solicitude.

Finalmente, modifícase o parágrafo quinto do artigo 5.7, para clarificar a documentación que deben achegar os interesados solicitantes da bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante 3 anos, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmobles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.

As modificacións propostas axústanse ao disposto no TRLRFL, así como ás restantes disposicións legais de aplicación, en canto ao sistema de bonificacións e exencións de números clausus que nela se establecen, na medida en que son os Concellos quen mediante as ordenanzas fiscais poderán regular a aplicación deses beneficios fiscais no exercicio da súa autonomía financeira.

A proposta municipal resulta axustada a dereito, polo que se conclúe informar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 203 vixente.

III. CONCLUSIÓNS

A posibilidade de modificación das ordenanzas fiscais recóllese no artigo 15 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e as modificacións do articulado realízanse a partires das instrucións e propostas realizadas polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área, Concelleiros Delegados e os responsables dos diferentes servizos e do informe da xefa do Servizo de Facenda Local, co conforme da Asesoría Xurídica (artigo 51.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo).

As modificacións propostas axústanse no seu conxunto ao disposto no citado Real decreto lexislativo 2/2004 así como ás restantes disposicións legais de aplicación.

Por todo o anterior, examinados os expedientes remitidos e coas consideracións anteriores, o Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo acorda **ditaminar favorablemente** o conxunto das modificacións propostas nas ordenanzas fiscais por consideralas adecuadas ao disposto na lexislación vixente.

Para a aprobación da modificación das ordenanzas fiscais requírese, que con posterioridade a este ditame, se realicen os seguintes trámites:

- Informes da Secretaria xeral do Pleno (artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional) e do Interventor xeral municipal (artigos 214 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigos 29 e seguintes do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o Réxime Xurídico do Control Interno do Sector Público Local).

- Aprobación pola Xunta de Goberno Local dos proxectos de modificación e actualización das Ordenanzas fiscais (artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LRBRL]).

- Aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais polo Pleno, requirindo maioría simple (artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo [TRLRFL] e 123.1.d) da LRBRL).

- Publicación do anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como nun diario dos de maior difusión dentro da provincia de Lugo (artigo 17.2 do TRLRFL).

- Exposición pública durante un mínimo de 30 días hábiles no Taboleiro de anuncios do Concello (artigo 17.1 do TRLRFL).

- Valoración, de ser o caso, das reclamacións presentadas pola Xunta de Goberno Local (artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo).

- Resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais (artigo 17.3 do TRLRFL).

- Publicación do texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigo 17.4 do TRLRFL).

De acordo co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL no caso que finalizado o período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional sen necesidade dun novo acordo plenario.

Así mesmo, deberá editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente (artigo 17.5 do TRLRFL).

De conformidade co artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá publicarse no Portal de Transparencia do Concello de Lugo o proxecto definitivo das Ordenanzas, os informes e ditames que se tivesen emitido así como os estudos de custos que fundamentan a modificación no seu caso.

Asinado dixitalmente polos membros do Tribunal Económico-Administrativo, Tamara Graña Lamazares (presidenta), María Luisa Vila Fernández (secretaria) e Pedro Fernández Agustí (vogal), na data que se indica á marxe.